

F. Fernández Rei (2013): “Aventuras de mar e de terra en *Costa do Solpor*”, *A Trabe de Ouro* 93, 99-104.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

AVENTURAS DE MAR E DE TERRA EN
*COSTA DO SOLPOR**

Francisco Fernández Rei

Como veciño de Teo sinto unha satisfacción ben grande polo feito de que a singradura de presentacións da primeira novela de Xosé M.^a Lema comece nunha das súas parroquias, na de Cacheiras, da que Lema é veciño, e moito antes ca min. Hai ben anos, cando nesta freguesía practicamente non se falaba da batalla de Cacheiras e da súa importancia socio-política, Lema e algúns amigos seus nacionalistas si a celebraban en abril cun xantar ou cunha cea, á vez que o propio Lema comezaba a escribir sobre esa batalla para divulgala entre a cidadanía teense.

* Con correccións e algún engadido este texto corresponde basicamente á miña intervención no acto de presentación da novela de Xosé M.^a Lema *Costa do Solpor* (Xerais, Vigo, 2013, 663 p.), finalista do Premio Xerais de Novela 2011, que se celebrou o 22 de febreiro do 2013 na Mediateca do Grilo, de Cacheiras (Teo). A concelleira de Cultura de Teo, Carme Hermida, introduciu o devandito acto no que tamén participaron o editor Manuel Bragado e Xosé M.^a Lema.

Por outra parte, teño que recoñecer que para min é unha inmensa honra (e un atrevemento) presentar a novela dun amigo co que teño unha relación fraternal desde hai 45 anos durante os cales compartimos moitas arelas e moitos soños (e bastantes desilusións) relativos á dignificación de Galicia e da súa lingua propia.

1. A obra *Costa do Solpor* é unha novela clásica de aventuras que se desenvolve no século XVIII, un relato moi verosímil de naufraxios, de piratas e de enfrontamentos no mar, con abordaxes, como en toda novela de corsarios, con escenas de auténtico pánico a carón de tenras escenas amorosas e cunha longa e complexa batalla en terra e no mar na parte final, que ten moito de novela xuvenil, con final feliz.

Trátase dunha homenaxe a *A illa do tesouro* do escocés Robert Louis Stevenson. A misteriosa goleta inglesa *Hispaniola* que regresa a Bristol cun tesouro no pañol, gañado a uns piratas nunha illa atlántica e que por mor dun temporal tivo que se refuxiar nunha ría da Costa do Solpor (ou Costa do Solposto) chámase como a goleta de Stevenson, e os tripulantes protagonistas son os mesmos nas dúas obras: o grumete Jim Hawkins, o médico Livesey, o cabaleiro e armador John Trelawney, o capitán Smollet e mariñeiros como Abraham Gray ou Ben Gunn. Aínda que na novela orixinal se dicía que a viaxe de volta fora moi tranquila, parece ser que non fora así, porque a *Hispaniola* tivo un «contratempo» na Costa do Solpor, o que resulta crible xa que Fisterra queda na singradura do Caribe ó cabo Land's End. Stevenson publicou inicialmente por entregas *A illa do tesouro* nunha revista infantil, mentres que Lema dun golpe nos fai 76 entregas, case todas de oito páxinas cada unha.

Costa do Solpor é, ante todo, unha homenaxe á Costa da Morte, e particularmente á súa xente, ós cregos loitadores da comarca, á súa fidalguía avanzada, ós fillos dos mariñeiros e labregos que queren vivir dignamente na comarca (e non coa resignación dos seus pais, ós que Lema ataca duramente) e a outra xente humilde desprezada por meiga ou por outros motivos. Tamén é homenaxe a escritores de onte, coma o muxián López Abente do que aparece na obra algún verso e algunha lenda como a da Buserana que el tratou, e sobre todo hónranse escritores novos con salitre na súa obra, particularmente o fisterrán Alexandre Nerium de quen Lema toma moi diverso léxico mariñeiro, ademais de versos deste mariñeiro-poeta que aboian pola novela. O falar propio da xente da Costa da Morte, particularmente a morfoloxía e a fraseoloxía, está moi presente nos diálogos da xente da Costa, como o está a paisaxe, a toponimia, a talasonimia e mesmo a onomástica persoal, pois protagonistas galegos desta novela, que se desenvolve na terceira semana de agosto de 1761 (a de Stevenson transcorre entre 1757 e 1762), son moitas veces nomes e apelidos de persoas do século XVIII que Lema tirou de libros parroquiais das terras da Costa da Morte.

Hai diversas choscadelas ó presente, particularmente ó episodio do *Prestige* e ás súas consecuencias. Cando xente mariñeira di que a goleta sufrira un *quebranto*, porque unha vaga de mar campal debeu enganchara polo medio e medio, e non un *arrufo*, pois neste caso un vagallón a erguería pola proa e outro pola popa facendo que a quilla do barco tronzase polo medio, isto lémbreme o mesmo que algúns técnicos dicían na prensa nos días en que naufragou o famoso petroleiro para explicar as causas do naufraxio. A historia final dun dos protagonistas da novela, un náufrago inglés que quedou a vivir na Costa do Solpor e que esqueceu comer, polo que se volveu tan fraco como unha palla de centeo, que andaba

pola beiramar con longas e descoidadas guedellas, vestido cun taparrabos por coídos e cantís, mesmo no inverno, e que facía amilladoiros amoreando pedras en forma de medas, ese inglés náufrago lembra moito a Man, o alemán de Camelle que morreu de pena cando o piche ou chapapote do *Prestige* estragou a súa obra na beiramar onde dera co seu lugar no mundo; porén, o náufrago inglés da obra de Lema era habelencioso para levantar valados de pedra e para falar coas pedras e co vento, como falan coas pedras os homes en lendas bretoas (e algún na realidade galega actual, a xulgar pola prensa que recollía o caso dun home de Marín).

Referencia inequívoca á reacción popular a ese desastre vese cando despois da batalla final da novela un crego loitador di que «¡Nunca máis os poderosos volverán mercar con esmolos as vontades dos veciños desta costa!» e a xente nova interrómpeo con berros afervoados «¡Nunca máis! ¡Nunca máis!». E non menos claras son diversas alusións á xente dunha vila á que lles pagan para que non vaian ó mar e se dediquen a vixiar que ninguén se achegue a unha furna onde piratas con barcos asentados na Coruña gardan os froitos das abordaxes a barcos con mercadorías. O porto desa «vila maldita» converteuse nun desolador cemiterio de barcos, que «amosan o costelar dos seus cascos en carne viva, e os aparellos semellan sudarios... Abofé que levan o crepúsculo gravado nas cadernas». A xente desa «vila de nome infausto» rise dos veciños de Muxía e Camariñas obrigados a iren ó mar se queren comer, mentres que os labregos desa «vila infame» andan agora de criados pola bisbarra ou de mendigos por non se enfrontaren no seu día ós frades do priorado.

Tamén hai algunha choscadela a Cacheiras, ben afastada da Costa do Solpor. A chamada *Area Escorredía* desa costa lembra a *Pena Escorredía* do alto do Montouto, en Cacheiras; e entre esta pena e o lugar da Ribeira, preto de onde agora estamos, tivo lugar en 1846 un dos feitos que máis marcaron a historia contemporánea de Galicia, o enfrontamento entre as tropas do comandante Solís (e os que logo serían os mártires de Carral) e as do xeneral De la Concha. Por outra parte, cando despois da moi traballada batalla final gañada a piratas e corsarios, un dos protagonistas di «E agora, berrade todos comigo: ¡Viva a mocidade tronante de San Cibrán e Vilasumisa!» e todos a unha voz responderon «¡Viva» (e danse outras vivas), isto lembra o berro «¡Viva la columna tronante y sonante de San Simón de Ons de Cacheiras» cando no entroido un xeneral dá vivas á tropa de coros de bonitos e vellos, correos, xenerais e charanga que anda a «correr o carnaval» por todas as aldeas da parroquia de Cacheiras.

2. Non é doado resumir o argumento desta longa novela porque hai unha trama xeral e varias subtramas. Comeza coa singradura dunha goleta inglesa que ten que fondear nun lugar da Costa da Morte para reparar a desfeita que no velame e no casco lle provocou un temporal, para o que acoden a calafates, veleiros e outra xente dun porto desa costa que sobe á *Hispaniola* para arranxar a avaría. Un dos calafates, que intúe que na goleta hai unha carga especial porque a algunha parte do barco non lle deixan acceder e ve que está permanentemente vixiada, fai que ten un accidente a bordo, sácano do barco e vai velozmente á Coruña para dar conta diso á xente corsaria que dirixe a Confraría da Man Morta. Agora o espazo da novela é urbano ó centrarse na cidade de María Pita, con forte tradición corsaria, aínda que non se gabe diso, máis ben o oculta, todo o contrario do que ocorre con cidades corsarias de Bretaña como Saint-Malo, Brest, Lorient ou Nantes.

Á procura do posible tesouro da goleta sae do porto da Coruña o bergantín pirata *An Ankou* (nome bretón que significa «Espectro da Morte»), que ten na súa bandeira negra un esqueleto branco bailador e como capitán un sanguinario corsario bretón de Saint-Malo, que lle poñía ramo ás súas accións cunha foliada pirata consistente nunha gran borracheira colectiva de ron e augardente cun macabro remate no que se contemplaba como o barco asaltado ardía polos catro costados cos seus tripulantes encerrados nas adegas, como se fixera co paquebote inglés *Kernow*. Esta mesma foliada pensa facer coa tripulación da *Hispaniola*, despois de arrebatarlle o tesouro, porque se trata de piratas sanguinarios —e nada románticos— que non queren deixar pegadas vivas das súas accións.

Cando a goleta xa saíra da ría e deixaba o cabo Vilán enfilando cara ó norte, cara a Inglaterra, abordouna unha balandra na que viña un rico mercader coruñés, que sempre andaba con máscara por ser o presunto dirixente da corsaria Confraría da Man Morta, á que pertencía tamén ese corsario bretón de Saint-Malo. Ese enmascarado con cabeza de pera viña para se facer co tesouro da *Hispaniola*, ou polo menos coa metade, aínda que logo acorda co capitán do bergantín *An Ankou* que este o leve á furna secreta onde agochaban a rapina das súas accións corsarias.

Jim Hawkins, o grumete da goleta inglesa, involuntariamente foi no barco no que se levou a agachar o tesouro, e unha vez descuberto logrou salvarse nadando ata terra. A partir de agora, nun bo quiñón de capítulos, relátase como os piratas queren dar con este grumete para logo faceren a agardada foliada coa tripulación da *Hispaniola*, pero o mocíño Jim e novos protagonistas, todos eles galegos da Costa do Solpor (o fillo do náufrago inglés, unha moza fidalga, unha vella meiga que lles pode dicir onde dar coa furna secreta, un crego que quere rexenerar a Costa da Morte e xente nova da costa, entre ela fillos da «vila de nome infausto») farán o imposible para dar coa furna do tesouro e á vez evitar a terrorífica foliada pirata.

As máis de 600 páxinas da trama e subtramas da narración acompañanse de 20 páxinas con notas históricas que Lema considera imprescindibles para comprender o relato e situalo no contexto, o que nos permite apreciar que ás veces a narración se basea en feitos e personaxes reais. O enmascarado con cara de pera, presunto xefe da Confraría da Man Morta, é un transunto literario de Gerónimo Hijosa Rodríguez (1723-1803), «negociante, armador de Indias e capitán de industrias», rico comerciante coruñés nado en Medina de Rioseco (Valladolid), que se instalou na Coruña en 1751 e que se acabou convertendo no home máis rico da Galicia do seu tempo. Algún personaxe recolle varias figuras, como ocorre co crego sabio e revolucionario que se basea nun sacerdote da Terra de Nemancos do século XIX preocupado pola situación social da comarca, no crego liberal e arredista Juan Antonio Posse do primeiro terzo do século XIX e no crego de Berdoias (Vimianzo) que en 1977 comezou dúas décadas de infrutuosa loita para tratar de salvar moitos dos seus fregueses do desafiuza-mento das casas en que moraban e das terras que labraron xeración tras xeración.

3. Na dedicatoria que me fixo da novela Lema escribíame: «Para Paco Fernández Rei, de estirpe mariñeira arousá, coa esperanza de que esta narración de mar e terra dun ‘montañés’ mereza entrar na nómina da súa literatura de mar». Sen dúbida merece entrar pola trama, pola paisaxe mariñeira e costeira e pola riqueza da variada terminoloxía mariñeira.

Hai léxico do galego común moi popular no litoral galego como é o relativo ás partes do barco, tipos de velas e accións como *carenar*, *navegar de bolina*, *ir ó garete*, *atracar* e *abarloar*, aínda que ás veces na novela as embarcacións *abarloan* cando máis ben deberían *atracar*. Outras veces o léxico é literario como en *levar áncoras*, *singradura*, *rocha* e *rochedo* (tamén hai bastantes rexistros do popular *penedo* e algúns de *cón*, voz propia das Rías Baixas para ‘rocha’) ou na tipoloxía dos barcos (*goleta*, *bergantín*; *paquebote*, *patache*, *chalupa*, *bricbarca* ou *balandra*), a carón doutros para embarcacións tradicionais (*lancha*, *lancha de relinga*, *chalana*, *gamela* ou *bote*). A voz *corsear* no sentido de dedicar un barco á pirataría non se documentara na historia do galego escrito, aínda que é termo moi empregado en castelán para «andar en corso».

Na novela sopra moito o *nordés* e hai *axadas*, golpes forte de vento de que falan os mariñeiros fisterráns, xunto con brisas agradables, como a fisterrá *airexa* ou o *vento mareiro* propio do Salnés («vento mareiro que nos refresca o rostro»); e na descrición da tempestade aparecen termos como a fisterrá *vaga de mar campal* e o *vagallón* do Cantábrico galego. Propio da Costa da Morte é a voz *crebas*, con moitos rexistros na novela de Lema (e en autores desa comarca como Miro Villar ou Alexandre Nerium e noutros con vencellos na Costa da Morte, como Fernández Naval ou Marilar Aleixandre), *tombos*, *rutías*, *coídos*, *furnas*, *xaramiño* (neste caso como alcume) ou *raxor do día*. Rexístranse voces fisterrás (e doutras zonas costeiras) como *cabazos* e *petóns* e os literarios *farallóns*. Hai en toda a novela un bo uso do termo *mariñeiro* tanto para a xente que vive do mar como para quen traballa nun barco de pasaxe ou nun mercante (neste caso a *Hispaniola*), aínda que Lema, como «montañés» que é, usa nalgún caso o termo *pesco* para se referir á xente da beiramar («os pescos teñen a menos traballar a terra»).

Boa mostra da lingua literaria mariñeira pode verse nesta fermosa descrición do forte temporal ó que se enfrontou a *Hispaniola*:

Galgaron as ondas ouveando coma cans fementos. Fervía o mar. O vento bruaba que axordaba. ¡Meu Deus! ¡Un mar desfeito con ondas xigantescas cal montañas de auga de máis de trinta pés de altura! O piloto non tivera máis remedio que gorecerse nun dos cuartos da popa e goleta quedara ó garete, sen goberno coma un cabalo sen brida... E eu, imprudente, só na cuberta por non atender a tempo a orde de poñerme a salvo; iso si, ben suxeito xa ó pau trinquete.

Nun intre de calma pareceume escoitar os berros dos meus amigos chamándome desde o interior da cámara dos oficiais. Contestéilles, tamén berrando, para facerlles saber que estaba con vida e, aínda non ben rematara de dar o aviso, cando a miña boca volveu ceibar outro berro que debeu soar como un ouveo de animal acosado. O meu bramido viña motivado porque naqueles momentos a nosa goleta, co seu propio impulso, estaba gabeando por unha enorme vaga, superior a todas as anteriores en altura, de polo menos corenta pés.

Como movida por unha forza sobrenatural, a goleta deu chegado á crista da onda, e xuraría que permaneceu un bo anaco bambeando coma unha randeeira, coa proa e a popa no aire a un tempo, tendo como único punto de apoio a parte central do casco. Pero o peor tñíao mesmo diante miña, pois ante os meus ollos, á proa, observei con horror que, na base doutra xigantesca vaga que se estaba formando, se abría unha gran concavidade disposta a levarnos ás escuras profundidades. ¡Aquel vagallón en forma de gran lingua mariña íanos dar o golpe de graza definitivo! [páx. 49].

4. En privado e en público Lema dixo que *Costa do Solpor* é a súa primeira e derradeira novela. A pesar da grande amizade que nos une desde hai tantos anos, nunca me contou que estivese a escribir unha novela, só me falou dela uns días antes de fallarse o Xerais

2011 para me dicir que era finalista. Despois de ler con certo vagar a obra e anotar moi diversos aspectos do léxico, fixarme nas tramas do relato, na configuración dos diversos personaxes e nas moitas notas de rodapé aclaratorias de termos ou do contido, despois disto tirei a conclusión que é froito do labor de moitos anos e que non se trata dunha novela xuvenil de piratas, senón que é moito máis ca iso, polo que seguramente sexa, efectivamente, a súa derradeira novela.

En *Costa do Solpor* Lema volcou a súa gran paixón e o seu madurado coñecemento da historia, da etnografía, da onomástica e da lingua de Galicia, especialmente no que atinxe á Costa da Morte; e así mesmo vese a súa paixón e coñecemento de países célticos como Bretaña e Cornualles, ademais de lecturas de autores moi diversos nos que bebeu para facer esta grande obra e que por honestidade intelectual cita no completo apartado «Débedas» xa no final da novela.

Desde hai moitos anos son un namorado da Costa da Morte, que comecei a coñecer a finais da década de 1960 e comezos da de 1970 cando visitaba a casa de Lema, na Terra de Soneira, e lía libros de etnografía e de naufraxios desa comarca que había na biblioteca do seu pai, xastre autodidacta e persoa culta formada na Universidade da vida. Daquela Lema pai, xunto co seu fillo, levábame a coñecer Fisterra, Muxía e diversos lugares da zona, e outras veces era Lema fillo quen o facía, o que me permitiu ir coñecendo e gozando de praias, coídos, ríos e vilas dunhas terras e dunha costa esgrevia, todo moi diferente da paisaxe terrestre e costeira do Salnés en que me eu criara, no fondo do mar da Arousa, realmente un lago comparado coa Costa da Morte.

Como remate quero manifestarlle o meu agradecemento ó amigo e irmán Lema por terme mostrado ó longo destes anos a riqueza paisaxística, arqueolóxica, etnográfica e humana da súa querida Costa da Morte; e os meus parabéns por esta súa primeira (e poida que derradeira) novela coa que tanto gocei literaria e lingüisticamente.